

Teléfonos:
981 844 800
981 849 960
Fax, 981 844 008



Praza de Galicia, s/n
15930 BOIRO (A Coruña)
correo e: correo@boiro.org
páxina web: www.boiro.org

N.º R. E. L. 01150119

CONCELLO DE BOIRO


O Concello de Boiro, por Resolución de Alcaldía de data de 09/06/2015, desconvoca o proceso selectivo regulado por Resolución de Alcaldía de data de 03/06/2015 polo que se aprobaban as bases para confeccionar unha listaxe para a cobertura temporal de prazas de socorrista acuático en espazos naturais publicado o pasado sábado 06/06/2015.

A Resolución pola que se desconvoca este proceso selectivo estará exposta no taboleiro de anuncios do Concello de Boiro durante 10 días e na páxina web do Concello de Boiro www.boiro.org

Boiro, 10 de xuño de 2015

Calcaide en funcións,

Asda, Fernando M. García Diéguez





CONCELLO DE BOIRO

Secretaría 1/1

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

Resultando que por Resolución desta Alcaldía de data de tres de xuño de dous mil quince, aprobáronse as bases que rexen a confección dunha listaxe para a cobertura temporal de prazas de socorrista acuático en espazos naturais polo procedemento de concurso-oposición libre.

Que o día de hoxe recibiu autorización da xefatura territorial da Coruña da Consellería de Traballo e Benestar para a contratación anticipada de 23 socorristas durante 2,5 meses ó abeiro do artigo 14 da Orde do 23 de decembro de 2014, pola que se establecen as bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento de emprego e mellora da empregabilidade no ámbito de colaboración coas entidades locais e se procede á súa convocatoria para o exercicio do ano 2015.

Tendo en conta que as necesidades de contratación de socorristas no Concello de Boiro para a tempada estival 2015 ascenden a 23 prazas de persoal laboral temporal de conformidade ó establecido na normativa UNE 187001:2011 que rixe a Q de calidade turística e a guía de interpretación dos criterios de Bandeiras Azuis para praias e tendo en conta que a día de hoxe a Consellería de Traballo autorizou a este concello a contratación da totalidade destas prazas temporais dentro das subvencións para o fomento de emprego, carece de sentido seguir co proceso selectivo para a confección do listaxe de contratación de socorristas con fondos propios do Concello.

Tendo en conta que segundo o punto 9º das bases de data de 03/06/2015 establece: *"En todo caso, os integrantes desta lista para a cobertura temporal de prazas, unicamente serán titulares dunha expectativa de dereito a ser contratados temporalmente, por orden de puntuación, para casos de vacantes que o precisen e mentres non se realice outro procedemento selectivo para cubrir dita praza"*.

Considerando as competencias atribuídas ó Alcalde polos artigos 21.1.g. e 102 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, RESOLVO:

PRIMEIRO.- Desconvocar o proceso selectivo regulado por Resolución de Alcaldía de data de 03/06/2015 polo que se aproban as bases para confeccionar unha listaxe para a cobertura temporal de prazas de socorrista acuático en espazos naturais.

SEGUNDO. Dar publicidade insertando un anuncio nun periódico de tirada comarcal e expoñendo un anuncio no taboleiro de anuncios e páxina web do concello .

TERCEIRO. Da presente resolución darase conta ó Pleno da corporación na vindeira sesión ordinaria que este órgano realice.

O que manda e asina o Sr. Alcalde en funcións, en Boiro a nove de xuño de dous mil quince.

O alcalde en funcións,
(Resolución da Alcaldía do 29/05/2015)
Fernando M. García Diéguez



O secretario,

Dalmira Núñez Méndez

